CONSELLERÍA DO MAR

*Resolución do 11 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños, pola que se establece o período de veda para o polbo (*Octopus vulgaris*) para o ano 2010.*

Por medio da Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira, desenvólvese o plan para a xestión da pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*) e establécense as condicións para o seu desenvolvemento.

O artigo 9.1.b) desta orde dispón que se poderá establecer un período de veda de dous meses continuados no período comprendido entre abril e setembro. Para a súa determinación terase en conta o estado do recurso e a opinión do sector afectado.

Consultado o sector, esta dirección xeral

RESOLVE:

Declarar o período de veda do polbo (*Octopus vulgaris*) para o ano 2010, que queda establecido entre as 16.00 horas do 28 de maio ata as 6.00 horas do 5 de xullo.

Polo tanto, neste período queda expresamente prohibida a captura do polbo (*Octopus vulgaris*), por medio de calquera arte, en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. As embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retirar estas do seu calado e levalas a porto.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Pablo Ramón Fernández Asensio
Director xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 11 de maio de 2010, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, nomeado pola Orde do 17 de setembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 19 de setembro), modificada pola Orde do 13 de xaneiro de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 11, do 19 de xaneiro), pola que se dá publicidade a diversos acordos deste.

En sesión que tivo lugar o 11 de maio de 2010, o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, nomeado pola Orde do 17 de setembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 182, do 19 de setembro), modificada pola Orde do 13 de xaneiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* número 11, do 19 de xaneiro), convocados pola Orde de 28 de decembro de 2007, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Declarar a todos/as os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio da fase de oposición para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, exentos da realización do terceiro exercicio da fase de oposición, por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.2 da convocatoria.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II.3.3 en relación coa II.3.4 da convocatoria, os/as aspirantes que superaron a fase de oposición disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, que deberán dirixir á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela) de acordo co procedemento establecido para o efecto pola Dirección Xeral da Función Pública na súa Resolución do 29 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Bertha Rey-Conde Fernández
Presidenta do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 11 de maio de 2010 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas